

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025060902
ASUNTO	Modificación non esencial das bases reguladoras do programa "En plan ben"
TRÁMITE	Resolución presidencial pola que se aproba a modificación non esencial das bases reguladoras

O presidente, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN:**

• **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

Primeiro. Por Resolución presidencial número 2025008399 de data 15 de outubro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do programa "En Plan Ben: Aulas Saudables", dirixido aos 34 centros educativos públicos que imparten ESO e Bacharelato en 29 concellos de Reto demográfico da provincia de Pontevedra. As mesmas foron rectificadas por Resolución presidencial número 2025008584 de 23 de outubro de 2025, ao terse detectado un erro nun dos centros educativos destinatarios do Lote 3.

A convocatoria publicouse no BOPPO número 205 do 27 de outubro de 2025, sendo o prazo inicial de presentación de solicitudes do 03 ao 14 de novembro de 2025, se ben o mesmo foi obxecto de ampliación acordada por Resolución presidencial número 2025060902, publicada no BOPPO número 217 de 12 de novembro, rematando finalmente o prazo o pasado 21 de novembro de 2025.

Segundo. Unha vez revisada a documentación que obra no expediente, consta que presentaron solicitude para participar no programa en tempo e forma os 19 centros educativos seguintes:

LOTE 1			
Nº	NOME DO CENTRO	CONCELLO	Nº ACCIÓNS
1	IES Pintor Colmeiro	Silleda	2
2	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	1
3	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2
4	IES de Valga	Valga	2
Total de accións do Lote 1			7



LOTE 2			
Nº	NOME DO CENTRO	CONCELLO	Nº ACCIÓNS
1	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2
2	IES de Barro	Barro	2
3	IES de Meaño	Meaño	1
4	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	1
5	IES da Illa de Arousa	Illa de Arousa	2
6	IES Illa de Ons	Bueu	2
7	IES Johan Carballeira	Bueu	2
Total de accións do Lote 2			12

LOTE 3			
Nº	NOME DO CENTRO	CONCELLO	Nº ACCIÓNS
1	IES de Cotobade	Cerdedo-Cotobade	2
2	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra do Miño	2
3	IES Pazo da Mercé	As Neves	2
4	IES da Cañiza	A Cañiza	2
5	IES Pedras Rubias	Salceda de Caselas	2
6	IES de Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	2
7	CPI da Cañiza	A Cañiza	2
8	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	1
Total de accións Lote 3			15

Terceiro. De xeito paralelo, tramitouse o procedemento aberto simplificado (Expediente nº 2025058982) reservado á participación de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, consonte á disposición adicional 48ª da LCSP, para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 34 centros nos que se imparte ESO e Bacharelato, ubicados en 29 dos 39 concellos de Reto demográfico da provincia de Pontevedra.

Dita licitación foi declarada deserta por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 5 de decembro de 2025, ao non terse presentado ofertas unha vez rematado o prazo establecido no expediente.

Cuarto. Á vista dos antecedentes expostos, para dar cobertura á demanda do tecido educativo, satisfacer o interese social e asegurar a eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos e a posta en marcha do programa, procede tramitar un novo expediente de contratación, sen reserva de participación, co obxectivo de asegurar a maior concorrencia posible e a consecuente viabilidade da prestación do servizo.

A formación irá dirixida aos 19 centros educativos públicos solicitantes, e impartiranse un total de 34 accións formativas, solicitadas polos mesmos.



Quinto. A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de cincuenta e oito mil douscentos sesenta oito euros con trinta e oito céntimos (58.268,38 €), con cargo á aplicación 26/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, tramitación anticipada condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O incremento do prezo de licitación respecto do expediente inicial (42.549,05 €), débese a que ao reducir o período de execución do programa de 9 meses a 6 meses foi preciso incrementar os custos de persoal, pasando os perfís de educador, a social do 50% ao 100% da xornada e o Auxiliar Administrativo do 25% ao 50%, o que supón un incremento de 15.719,33 €.

Sexto. Esta nova licitación modifica o prazo de execución do programa, polo que procede modificar bases reguladoras do programa nos seguintes termos:

- O programa oferta un máximo de 34 accións formativas para 19 centros públicos de ensino (1 por centro educativo e as solicitadas de xeito adicional).
- O programa impartirase durante o curso escolar 2025/2026, coa previsión de inicio o 1 de marzo de 2026 e remate en agosto de 2026, en lugar de "(...) O programa impartirase durante o curso escolar 2025/2026; prevese que se inicie en decembro de 2025 e remate en agosto de 2026 (...)", recollido na base 4.2 Temporalización.
- A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de cincuenta e oito mil douscentos sesenta oito euros con trinta e oito céntimos (58.268,38 €), con cargo á aplicación 26/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, tramitación anticipada condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, en lugar de "(...) A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de 42.549,05 euros, con cargo á aplicación 25/233.2310.227.07 do Orzamento provincial (...)", tal e como se recollía na base 3ª relativa ao orzamento e financiamento.
- Toda referencia a "*entidade ou entidades sociais adxudicatarias*" será substituída por "*empresa ou empresas adxudicatarias*".

Mantense a vixencia do resto do contido nas bases reguladoras.

Sétimo. Con data 5 de decembro, a Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico emite informe proposta (CSV: D17PZUKCSMFSIOWA) relativo á procedencia das bases reguladoras nos puntos expostos, coa conformidade do deputado delegado do día 10.



Oitavo.- Con data 11 decembro de 2025, Intervención emite dilixencia favorable (CSV: ZGGC2DMYJART0LB5) en relación ao informe proposta indicado.

Noveno.- A modificación proposta ten un carácter exclusivamente instrumental e non altera nin o obxecto da subvención, nin os requisitos das persoas beneficiarias, nin os criterios de valoración, nin ningún outro elemento que poida incidir na igualdade de oportunidades das entidades interesadas, polo que debe considerarse modificacións non esenciais que non afectan á esencia do réxime xurídico da subvención. En particular, a presente resolución non modifica as condicións substantivas de participación nin a posición xurídica das entidades solicitantes, mantendo íntegro o marco regulador inicial, polo que non resulta necesario abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, mantendo plena validez e eficacia as solicitudes xa presentadas e continuando o procedemento nos seus propios termos.

Á vista do anterior, de conformidade co disposto na base 16.1 das aprobadas para a execución do orzamento provincial vixente, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a modificación non esencial das bases reguladoras do programa "En Plan ben: Aulas saudables", consonte ao recollido no punto sexto dos antecedentes, co seguinte alcance:

- O programa oferta un máximo de 34 acción formativas dirixidas a 19 centros (1 por centro educativo e os solicitados de xeito adicional).
- O programa impartirase durante o curso escolar 2025/2026, coa previsión de inicio o 1 de marzo de 2026 e remate en agosto de 2026.
- A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de cincuenta e oito mil douscentos sesenta e oito con trinta e oito (58.268,38) euros, con cargo á aplicación 26/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente
- Toda referencia a entidade ou entidades sociais adxudicatarias serán substituídas por empresa ou empresas adxudicatarias.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere oportuno acorde a dereito.

